

URXE UNHA NOVA LEI DE PREVENCIÓN QUE SE ADAPTE AOS CAMBIOS DO MUNDO LABORAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, lembrou que no noso país cada día perden a vida dúas persoas con motivo da súa actividade laboral, centos vense impossibilitadas para facer a súa vida normal e miles sofren unha enfermidade profesional. Por iso, puxo en valor que por fin esta semana se abrise a mesa de diálogo social para abordar “unha nova Lei de Prevención de Riscos Laborais que substitúa a vixente. No seu momento, foi unha das máis avanzadas da UE, pero hoxe, co paso do tempo viuse superada. Así o afirmou na xornada ‘A Seguridade e a Saúde nun mundo laboral en transición’ que UGT organizou esta semana.

“É fundamental poñer límite aos problemas de saúde mental no traballo”, considerou, “desde a perspectiva de solucionar o problema, non desde a necesidade de penalizar ás persoas que os sofren”. Por iso, “é transcendental que sexamos capaces de que, nesta lexislatura, a prevención e saúde e seguridade no traballo sexa unha das cuestións fundamentais”.

Pepe Álvarez considerou fundamental “introducir delegados e delegadas de prevención nas empresas; e ampliar os recursos materiais e humanos na Inspección de Traballo, para que poida actuar contra unha lacra que sega vidas, familias e é un lastre para as empresas, a Seguridade Social e a economía en xeral”. Así mesmo, instou a “actuar na nova lei contra a desigualdade de xénero nas empresas, xa que os traballos onde hai maioría de mulleres son os que menos investimento, investigación e medidas de prevención teñen”.

Doutra banda, reclamou a “implicación activa” das forzas policiais de todo o país “como axentes activos na loita contra os accidentes de traballo. A policía ten a obriga de vixiar polo cumprimento de todas as leis, incluídas as de prevención. Teñen que ter potestade para actuar e informar á Inspección de Traballo ante estas irregularidades”.

Manifestou que “as empresas que non protexen a saúde dos seus traballadores e traballadoras teñen que pagar polas súas ac-



tucións e responsabilidades. É un traballo que ten que asumir o Estado, pero tamén as comunidades autónomas e os concellos. Esta iniciativa terá efecto disuasorio moi importante ante o abuso dalgunhas empresas”.

En relación ao proceso de competencia entre as mutuas para xestionar a prevención de riscos, Álvarez sinalou que “non se poden baixar os niveis de calidade da seguridade no traballo a través de abaratar os custos dos plans de prevención. É parte do problema que temos”. É preciso un “cambio en profundidade, para que a saúde e seguridade no traballo non se mida en parámetros de quen o fai máis barato, senón quen o fai mellor”.

Pola súa banda, a secretaria de Saúde laboral de UGT, Ana García de la Torre, destacou que estas xornadas son un espazo de debate para poder construír un futuro laboral máis seguro e saudable. Afirmou que “un mundo mellor é posible, se se melloran as condicións de traballo” e sinalou que hai que seguir combatendo a precariedade laboral porque “enferra e mata” e “avanzar cara traballos decentes e libres de riscos”.

Instou a actuar e adaptarse aos cambios do mundo do traballo, como a revolución tecnolóxica, o cambio climático ou o envellecemento da poboación activa. Desafíos importantes que esixen unha revisión e adaptación da lei de seguridade e saúde no traballo.

Referiuse tamén á crecente preocupación pola saúde mental. “As baixas laborais por trastornos mentais duplicáronse nos últimos anos e no noso país cada día suicídanse 11 persoas. O mundo laboral debe ser sensible a esta realidade silenciada”, dixo. Un dos obxectivos de UGT é conseguir que as empresas adopten medidas para protexer a saúde mental dos seus cadros de persoal, erradicando os riscos psicosociais no traballo.

A secretaria de Saúde Laboral agradeceu o labor dos delegados e delegadas de prevención e lembrou os importantes avances que se produciron nos últimos anos, no marco do diálogo social, como a reforma laboral, que reduce a temporalidade e precariedade do emprego, e a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027, a “folla de ruta que marcará as políticas en materia de seguridade e saúde no traballo”.

Na firma desta Estratexia, o Goberno comprometeuse a convocar a mesa de diálogo social para abordar os cambios normativos en prevención de riscos laborais. Esta semana celebrouse a primeira reunión desta mesa. García de la Torre sinalou que “temos a oportunidade de converter unha lei do século XX nunha lei do noso século que protexa a saúde física e mental das persoas traballadoras, que integre a perspectiva de xénero e os riscos derivados das diferentes transicións. En definitiva, que mellore a xestión preventiva nas empresas. Estou segura que con diálogo social lograrémolo”.

A CORNIXA CANTÁBRICA DÁ O PISTOLETAZO DE SAÍDA ÁS MOBILIZACIÓNS CONXUNTAS POLO FUTURO DO SECTOR PRODUTOR

O día 20 convocan tractoradas e concentracións en Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi

Redacción.- As organizacións agrogandeiras maioritarias da Cornixa Cantábrica deron este martes o pistoletazo de saída cara ás mobilizacións que o vindiero martes día 20 se porán en marcha de xeito coordinado en Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi. Unións Agrarias-UPA, COAG e Asaja, así como o Sindicato Labrego Galego e a Asociación Agraria de Galicia teñen consensuada unha táboa de reivindicacións conxunta coa que queren sensibilizar á opinión pública acerca da importancia e do papel de agricultores e gandeiros; así como instar ás distintas administracións a mover ficha para solucionar os distintos problemas que afectan e lastran a rendabilidade e o futuro do sector produtor.

Partindo da base de que “as mobilizacións non son o obxectivo en si mesmo, senón unha maneira de buscar solucións ás problemáticas comúns que nos afectan”, as organizacións agrogandeiras galegas, asturianas, cántabras e vascas teñen chegado a un acordo para facer da acción coordinada e conxunta o instrumento que permita acadar as solucións que o sector produtor precisa.

As tractoradas e concentracións convocadas para o vindeiro martes 20 en distintos puntos de toda a Cornixa Cantábrica serán o primeiro paso dun calendario de mobilizacións que continuará no caso de que as administracións fagan caso omiso ás peticións de agricultores e gandeiros.

A consecución de prezos xustos e a aplicación da Lei de Cadea Alimentaria é o primeiro obxectivo que as organizacións agrogandeiras queren ver cumprido. Nese senso, tanto Unións Agrarias como os demais colectivos convocantes solicitan que se activen os mecanismos necesarios para que así sexa. “Se ningún elo da cadea pode cobrar por debaixo do que lle custa producir as ferramentas para conseguilo deben poñerse a andar. Non existe negociación real entre produtores e industrias se existe

unha posición de forza que permanentemente impón prezos aos produtores. Por iso, precisamos mediadores na negociación colectiva, así como observatorios de prezos que aporten datos claros, obxectivos e actualizados sobre o que custa producir”.

As organizacións reivindicán tamén a necesidade de que se eliminen os tratados comerciais entre UE e terceiros países que están a permitir a entrada nos mercados comunitarios de alimentos que non cumpren coas esixencias de benestar animal, seguridade ou sanitarias que se esixen aos produtores locais. Nese senso, denuncian a competencia desleal que isto está a supor e o claro perxuízo que a comercialización destes produtos extracomunitarios a prezos máis baixos supón para os agricultores e gandeiros españois.

Conseguir que o sector produtor sexa tido en conta e participe nas negociacións que lle afectan é outra das reivindicacións que as organizacións agrogandeiras poñen enriba da mesa. Así como que se elimine o exceso de burocracia que se ten engadido á actividade agrogandeira. “Non pode ser que ás explotacións se lles esixan novas obrigas que supoñen un incremento de custos que os produtores non teñen a posibilidade de repercutir no prezo dos seus produtos. Cuestións, por outra banda, que nada aportan en seguridade nen benestar animal e que deben ser eliminadas, como o caderno dixital, o decreto de ordenación de explotacións bovinas ou o veterinario de explotación.

As organizacións avogan tamén pola revisión do decreto de fertilización de solos agrarios; unha norma deseñada de costas ao sector produtor e á realidade do campo que agricultores e gandeiros non teñen sequera a posibilidade de cumprir, pois a día de hoxe non existe no mercado a maquina-



ria suficiente para darlle cumprimento.

Entre as reivindicacións comúns da Cornixa Cantábrica destaca tamén a petición dunha reforma inmediata da PAC feita para as persoas. “Un clamor de toda a Cornixa e tamén dende outros puntos da xeografía española, que consideran que os eco-reximes non están respondendo ás necesidades do sector”. Así como unha aposta decidida das administracións para frear o despoboamento que afecta ao medio rural, incorporar mocidade á actividade agrogandeira e facer atractivas as zonas rurais. “E, para elo, precisamos en primeiro lugar prezos xustos, pero tamén servizos. Non podemos esixirlle á mocidade que se incorpore á actividade agrogandeira que sexan heroes, porque a día de hoxe non existen servizos nen calidade de vida garantidas no rural”.

As organizacións solicitan tamén que se manteña a redución do prezo do gasóleo a agricultores e gandeiros, así como que se elimine o lobo do LESPRES e se dea forma a un plan de xestión para esta especie. Neste eido, a Cornixa Cantábrica reivindica un pago áxil e adecuado dos danos causados por esta especie e polo conxunto da fauna salvaxe, que cubra o lucro cesante e o prezo de mercado actual dos animais. “Non pode ser que agricultores e gandeiros sexan os responsables do pago dos danos da fauna salvaxe”, aseveran.

Os traballadores de seguridade na refinaría da Coruña reclaman melloras laborais

Redacción.- O persoal de seguridade da refinaría de Repsol da Coruña saíu novamente polas rúas do polígono de Agrela para reclamar melloras laborais. Denuncian que a cantidade de persoal foi mermanda e están a traballar nunha infraestrutura crítica como é a refinaría cuns protocolos moi exhaustivos. Solicitan tamén melloras salariais e unha mellora inmediata das medidas de seguridade.



UGT DENUNCIA QUE A XUNTA SACA A CONCURSO O SERVIZO DE TRANSPORTE URGENTE DE AMBULANCIAS E DOS 13 LOTES, 5 QUEDAN DESERTOS

A baixa dotación económica, que impediría o cumprimento do V Convenio colectivo que acaba de ser asinado e a prestación axeitada do servizo, está detrás desta situación

Redacción.- UGT SSPP denuncia que a Xunta sacou a concurso público o servizo de transporte urgente de ambulancias (061) e, dos 13 lotes que saíron, 5 quedaron desertos, toda a provincia de Pontevedra e a comarca da Coruña.

Detrás disto hai unha causa evidente, a pesar das promesas da Xunta de que dotaría economicamente dun xeito suficiente a oferta, isto non foi así e, de novo, a Administración galega apostou por unha oferta á baixa, o que provocou que cinco lotes quedasen desertos porque a baixa contía dificultades a aplicación do V Convenio colectivo e a prestación dun servizo tan

delicado como este en axeiada condicións.

Si é certo que, en relación aos anteriores contratos, hai unha pequena suba pero esta segue a ser insuficiente.

Isto sitúa aos traballadores nunha di-



fícil conxuntura porque, se se prorroga o servizo coas actuais empresas, o máis probable é que as melloras pactadas no V Convenio non sexan aplicadas a partir de abril como correspondería.

A APLICACIÓN INFORMÁTICA DICIREG DEIXA AOS REXISTROS CIVÍS EN GALICIA AO BORDO DO COLAPSO

Redacción.- UGT Xustiza denuncia os graves problemas que está a ocasionar nas oficinas de rexistro civil en Galicia a aplicación informática de dixitalización Dicireg, paralizando de forma constante a atención á cidadanía.

As deficiencias da devandita aplicación e os constantes “cortes” que padece fan que, en temas tan sensibles como son as inscricións rexistradas das circunstancias vitais das persoas, non se poidan nin realizar nin certificar.

Todo isto é especialmente grave polas molestias que se lle causan aos cidadáns que acoden ás oficinas de rexistro, en moitas ocasións, pedindo permisos nos seus

traballos, e que ao final non conseguen realizar o trámite que necesitaban.

Os datos que se conservan e certifican no rexistro civil son fundamentais para multitude de cuestións na vida das persoas e necesitan o respaldo documental ao que só se accede a través do rexistro civil: nacemento, matrimonio, defunción.

Pódese poñer como exemplo a inscrición de defunción (que só se pode practicar xa a través de Dicireg) e cuxa certificación é fundamental para todos os trámites en materia de pensións ou de cuestións hereditarias suxeitas a prazos curtos.

As queixas das persoas traballadoras

sobre a aplicación Dicireg son constantes por ser pouco intuitiva, fíable e de difícil manexo, ademais de que, por falta de liña, pásase días enteiros sen funcionar e, no mellor dos casos, faino de forma irregular e descontinua, tendo que utilizar os traballadores do rexistro a aplicación antiga para saír do paso.

UGT Xustiza xa hai tempo que vén denunciando ante as administracións responsables, Ministerio de Xustiza e Xunta de Galicia, as graves incidencias relatadas, non descartando tomar outro tipo de accións para que, dunha vez por todas, se resolva este grave problema que prexudica tanto á cidadanía como aos traballadores e traballadoras dos rexistros.

AS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE CAMARIÑAS ESTÁN A COBRAR POR DEBAIXO DO CONVENIO

Redacción.- UGT SSPP Coruña denuncia que as traballadoras do SAF, servizo de axuda no fogar, de Camariñas cobran por debaixo das táboas salariais do Convenio colectivo de axuda no fogar de Galicia.

A empresa que leva a xestión do SAF neste concello, Sociser Galicia, non lles actualizou os salarios no ano 2023 e tampouco aplicou a suba a principios do 2024. No 2023 a suba era, segundo o IPC, 5,7%, e tan só subiu o 3,5%. No 2024 a subida tería que ser do 3,1% e non se fixo efectiva.

A día de hoxe cada unha das traballadoras, a través dos servizos xurídicos de UGT, presentou unha demanda individual, ademais doutro colectiva, para reclamar o abono da débeda froito desta inaplicación.

UGT mantivo unha xuntanza con representantes do Concello de Camariñas na que se lles trasladou que é necesario sacar uns novos pregos que recollan a realidade do servizo e os custes actualizados. En xuño caduca a licitación actual e se non se saca unha nova con tempo córrese o risco de ir a unha prórroga e que esta si-



tuación prexudicial para as traballadoras se mantéña no tempo.

Nesta xuntanza tamén se trataron outros temas como o exceso de parcialidade, ademais, con porcentaxes moi baixas, a pesar das listas de espera para acceder ao servizo.

UGT IMPULSARÁ AS CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL, UNHA SALVAGARDA FRONTE Á INFLACIÓN

O sindicato pide cautela pois persisten incertezas que poden provocar un novo repunte dos prezos nos próximos meses e pon en valor o VAENC, que contempla alzas salariais do 3% para este ano, incorporando un 1% adicional, se a inflación é superior

Redacción.- Os datos do IPC de xaneiro, publicados polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,4%, tres décimas máis que en decembro. Este repunte débese, esencialmente, ao encarecemento anual da electricidade, que sobe un 9,6% respecto a xaneiro do ano pasado.

En contraste, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese 2 décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 3,6%. Trátase do sexto mes consecutivo de baixada interanual, rexistrando o seu nivel máis baixo desde marzo de 2022 (3,4%), hai case 2 anos.

En canto á evolución por grupo de produtos, cabe sinalar a persistencia das presións inflacionistas sobre os alimentos, cun incremento anual do prezo do 7,5%. Neste sentido, destaca o encarecemento do aceite de oliva (un 62,9%), as legumes e hortalizas (un 11,8%) e a froita (11,3%). En contraste, o gas (-18,7%) e o gasóleo (-7,5%) rexistran al-

gúns dos descensos de prezos máis sinalados.

Con todo, os datos deste mes confirman o avance do proceso de desescalada de prezos, sendo especialmente positivo o descenso da taxa subxacente, que practicamente se equipara á taxa xeral despois dun 2023 onde se chegou a rexistrar unha brecha de 4,2 puntos. Con todo, o impacto da retirada parcial das medidas antiinflacionistas en alimentos e enerxía, xunto á incerteza que lanza o panorama internacional, esixe ter cautela ante un posible repunte á alza de prezo nos próximos meses.

Por todo iso, é necesario que en 2024 se continúe protexendo o poder adquisi-



tivo dos fogares, o cal pasa por impulsar o crecemento salarial nos convenios, incluíndo sempre cláusulas de revisión eficaces, unha ferramenta clave para protexer á poboación traballadora fronte a desviacións imprevistas da inflación. O VAENC, asinado en maio de 2023, recolle un alza salarial para este ano do 3%, incorporando cláusulas de revisión con incrementos de ata un 1% adicional no caso de que o IPC interanual ao peche do mesmo fose superior.

O GOBERNO DEBE SACAR ADIANTE O REGULAENTO QUE DESENVOLVE OS PLANS LGTBI NAS EMPRESAS

Redacción.- O responsable confederal da Área LGTBI de UGT, Toño Abad, reclama, tras a reunión de diálogo social entre o Goberno e os axentes sociais, un regulamento de medidas “eficaces” para combater a discriminación LGTBI nas empresas.

Un regulamento “do que UGT xa trasladou proposta ao Goberno, que debe desenvolverse antes do próximo 2 de marzo, data en que acaba o seu prazo de aplicación, e que debe conter medidas eficientes e de plena disposición nas empresas”.

Medidas como “un protocolo contra o acoso discriminatorio. As persoas LGTBI necesitamos ferramentas para abordar este acoso e de protección contra estas condutas acosatorias. Medidas tamén para a formación, para a sensibilización nas empresas, para a utilización da linguaxe inclusiva, para a xeneralización dos permisos e licenzas familiares para as persoas LGTBI, un protocolo de acompañamento ás persoas trans no emprego durante as súas transicións, un impulso ao acceso ao emprego ás persoas trans... toda unha serie de medidas que van cambiar o paradigma das persoas LGTBI

nas empresas e van conseguir que os centros de traballo sexan máis inclusivos, libres de discriminación”.

“Sufrimos discriminación no traballo”, afirmou. “É unha situación que existe pero que non se aborda, e hai que solucionar de maneira urxente. As persoas LGTBI traballadoras queremos medidas no emprego, necesitamos e non podemos esperar máis. A reunión foi produtiva e vimos que na mesa hai un consenso xeneralizado para sacar adiante o regulamento que desenvolve o artigo 15.1 da Lei Trans e LGTBI. Por tanto, débese acordar antes do 2 de marzo e impulsarse nos centros de traballo”.

Datos de discriminación

O 50% das persoas LGTBI que consultamos consideran que non estamos aceptadas socialmente; o 75% das persoas LGTBI consideramos que non temos as mesmas oportunidades que as persoas heterosexuais no traballo; o 55% das persoas trans recoñecen que foron excluídas de forma directa ou indirecta en entrevistas de traballo.

Nun 41% dos casos, evitamos falar da nosa vida persoal no traballo por medo á discriminación, o odio ou a violencia. E en 4 de cada 10 casos, volvemos ao armario a pesar de que na nosa contorna familiar xa fixemos pública nosa orientación sexual ou identidade.

En canto a violencias, 3 de cada 10 persoas LGTBI manifestan sufrir agresións verbais, un 78% referidas a chistes e rumores sobre a orientación sexual, e 52% insultos. Condutas acusatorias que fan que case 7 de cada 10 persoas LGTBI consideren que ser LGTBI é un inconveniente para buscar un traballo. Un 20% das persoas trans recoñecen sufrir agresións de carácter sexual por parte dos seus iguais ou superiores.

Os centros de traballo non poden ser lugares de exclusión nin contornas hostís. Faise necesario reforzar decididamente o ámbito da negociación colectiva cun novo marco regulatorio que permita planificar medidas (PLANS) para lograr o obxectivo de garantir os dereitos.